CentroComercialAberto
CCA Melide
ASETEM
XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Comercio
Deputación DA CORUÑA

EMPRESA
Perfumería Lyss cumpre 24 anos dando servizo á veciñanza da vila P4

COMARCA
A Deputación adxudica a construción dunha senda peonil na vila de Toques P18

CULTURA
O IES de Melide celebra un certame fotográfico para alumnado e persoal P20

ENTREVISTA

***Juan Loureiro, Meypa Instalacións Electricas* P23**

Cerne

O xornal da Terra de Melide

Ano XVI - Nº 182. Abril 2021. Distribución gratuíta

O comercio local é o protagonista da campaña do Día da Nai de ASETEM

A Asociación de Empresarios da Terra de Melide está a organizar unha actividade para o Día da Nai moi especial.

Unha iniciativa que ten como finalidade, unha vez máis, promover e impulsar o comercio local melidense, despois dun ano complicado para eles por mor da pandemia.

Esta campaña traerá sorpresas para os compradores e o sorteo dun vale de compra valorado en 200 euros, chamado 'Unha Xoia para Mamá', para gastar nas xoierías asociadas. P3

O Concello busca impulsar o consumo dos doces típicos

O Concello de Melide presenta unha campaña para impulsar e promover o consumo dos doces típicos da vila durante todo o ano . P13

Volven as tarxetas 'Merca en Melide' para o mes de maio

Este sábado, a administración local coa colaboración de ASETEM - CCA, lanzou a segunda edición das tarxetas 'Merca en Melide' para apoiar o comercio. P6

ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS TERRA DE MELIDE

31 anos ao teu servizo, 150 socios que fan medrar a comarca

www.asetem.com - Tfno: 981 50 61 88 - info@asetem.com
Lino Sexto Sánchez, 9 Baixo - 15800 MELIDE (A Coruña)

Editorial

A importancia da protección no traballo

Na primeira fin de semana do mes de abril, un veciño melidense falecía traballando nunha granxa na parroquia de Folladela cando unha amoladora lle alcanzaba o peito.

Unha traxedia, máis común do que nos gustaría, que nos fai reflexionar sobre a prevención dos riscos no eido laboral. No 2019, Galicia foi a comunidade autónoma con maior índice de accidentes laborais do Estado, segundo un estudo de Comisións Obreiras. O ano pasado, só nos primeiros seis meses, morreu máis dun traballador por semana na comunidade autónoma. Unhas cifras que poñen a pel de galiña e que fan fincapé na necesidade de formar ás persoas empregadas na prevención, á hora de traballar, para evitar estas catástrofes.

Cadro dun grupo de obreiros lmorzando no alto do rañaceos. /Foto arquivo

Por outra banda, está o factor do estrés nos traballadores e traballadoras. Os altos obxectivos de produción aos que, en moitas ocasións, están sometidos así como a excesiva carga de tarefas, fan que a persoa non dedique tempo a colocarse os equipos axeitados para protexerse ou preparar o espazo para prever os riscos. É obvio, que un empregado ou empregada que teñan o soldo vencellado ao nivel ou cantidade de traballo que dean sacado a diante, para eles a súa seguridade vai quedar nun segundo ou terceiro plano, non vai a ser a súa prioridade á hora de poñerse a traballar.

Os empresarios e empresarias deben garantir que os seus traballadores conten coas condicións óptimas para realizar as súas tarefas. Ningunha persoa pode poñer en perigo a súa vida por cumprir no seu traballo.

Outro factor importante no eido dos accidentes laborais é o exceso de confianza ou imprudencia. Os empregados e empregadas deben ser coñecedoras dos riscos que trae consigo a realización das súas tarefas e telos presentes ao longo dos anos nos que estean en activo. En moitas ocasións, a práctica e a experiencia fainos perder a consciencia dos perigos que o noso emprego pode conlevar. Por iso, é moi importante seguirse formando en prevención de riscos laborais ao longo da nosa vida.

En definitiva, un bo traballador ou traballadora, non só é o que fai un bo traballo senón tamén o que ten as condicións idóneas para realizalo.

Tribuna de opinión

A especie alóctona por excelencia en Galicia

Xunta Directiva de ASETEM-CCA

Unha parcela plantada de eucaliptos. /foto: Adiante Galicia

Dende hai uns anos, non hai recuncho en Galicia no que non poidamos atopar unha plantación da especie alóctona en excelencia no noso territorio, o eucalipto.

Actualmente, a sociedade está inmersa nunha cultura de ver o monte como unha fonte de ingresos e non como parte do noso entorno, o cal debemos respectar e coidar. O eucalipto é unha das árbores que máis rápido crece e permite dar beneficio, grazas á industria do papel como a situada xunto á ría de Pontevedra. Unha fonte de ingresos fácil e áxil na que todo parecen vantaxes. Porén, non é así, o eucalipto é unha especie invasora que empobrece a terra e é como "gasolina" á hora de propagar os incendios.

Compensan realmente os beneficios económicos que proporciona a cambio dos prexuízos que causa na terra, no noso entorno? A única solución á invasión do eucalipto é que as administracións actúen de oficio e penalicen aos propietarios de fincas nos que non se poden plantar e impulsar aqueles que aposten por ter os seus montes con especies autóctonas.

Cerne

Edición dixital en www.asetem.com
Publicación mensual de distribución gratuíta
COORDINACIÓN E REDACCIÓN: Lorena Vidal
EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide
ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)
Telf. e Fax: 981 506 188 **E-mail:** info@asetem.com
COLABORACIÓNS: Vanesa de Quinzán,
Ana Mato, Cristina Fernández, Eva Novás e IES de Melide
AGRADECEMENTOS: Pilar López,
Imprenta Meligraf
IMPRESIÓN: Publicaciones Tameiga S.L.
DEPÓSITO LEGAL: OR / 57 / 84

ASOCIACIÓN DE MEDIOS EN GALEGO

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

ÍNDICE

- OPINIÓN.....2
- EMPRESA.....3
- MELIDE.....12
- COMARCA.....18
- CULTURA E LECER 20
- COLABORACIÓNS.....21
- ENTREVISTA.....23

O comercio local é protagonista da campaña do Día da Nai de ASETEM

Tania Veiras, imaxe de Asetem, nunha das xoierías asociadas. /Foto arquivo

A Asociación de Empresarios da Terra de Melide está a organizar unha actividade para o Día da Nai moi especial.

Dende hai unha semana dende ASETEM - CCA enviaron aos socios e socias as bases de participación da campaña dedicada a todas as nais, que se vai celebrar ao longo da semana do 26 de abril ata o propio día, 2 de maio.

Este ano, a entidade empresarial quere promover e impulsar o comercio local melidense con motivo de agasallar a todas as nais da vila. Para conseguilo, ASETEM - CCA sorteará un vale de compra valorado en 200 euros, chamado "Unha xoia para mamá", para gastar nunha das catro xoierías asociadas que son: Xoiería Pereiro, Oro Ley, Silvela e Roval.

Para participar neste sorteo, os establecementos que son socios de Asetem deben anotarse chamando ao 981 50 61 88 ou enviando un correo electrónico a info@asetem.com antes do 15 de abril. Os comercios que se apunten recibirán carteis, unha furna e papeletas para levar a cabo a primeira parte da iniciativa. Ademais, nas redes sociais de ASETEM - CCA publicaranse os nomes das tendas que formen parte desta actividade.

Por outra banda, todos e todas as compradoras que queiran participar, chégalles con ir mercar a un dos negocios que formen parte desta campaña, dende o 26 de abril ata o 2 de maio, e cubrir a papeleta poñendo: nome, apelidos e teléfono. Os compradores e compradoras deben conservar o tícket para entregar no caso de ser os afortunados ou afortunadas da sorteo.

Nos comercios implicados na campaña o Día da Nai agasallarán cunha flor de tempada ás persoas que vaian mercar, para así encher tamén as rúas de Melide de cor e alegría.

O sorteo para coñecer o gañador ou gañadora do vale "Unha Xoia para Mamá!" celebrarase o 5 de maio pola mañá e retransmitirase en directo a través da páxina de Facebook da Asociación de Empresarios da Terra de Melide.

Presentación da campaña de tarxetas 'Merca en Melide'

Xosé Iglesias e Manuel Vázquez na presentación. /Foto: Cerne

O sábado 10 de abril, ás 17:30 horas, no Centro Sociocultural Mingos de Pita o concelleiro de Promoción Económica, Xosé Iglesias, e o presidente de ASETEM - CCA, Manuel Vázquez, presentaron diante de parte do comercio melidense a campaña de Tarxetas Moedeiro Merca en Melide.

Esta inciativa é unha axuda máis para apoiar aos sector dos pequenos establecementos da vila. O concelleiro Xosé Iglesias afirmou que "a administración local vai impulsar un impacto económico, entre a campaña de Nadal e as previstas para este ano, uns 400.000 euros no noso comercio".

A mecánica de funcionamento destas tarxetas vai ser similar ás postas en marcha no mes de decembro. Cada tarxeta terá 30 euros para gastar nun ou varios comercios do municipio, destes cartos, 20 pagaraos a persoa usuaria do bono e 10 o Concello. Lanzaránse unhas 3.000 tarxetas para os compradores.

Os negocios interesados en adherirse a esta campaña deben cumprir tres requisitos: non ser espazos de gran distribución destinados a alimentación, estacións de servizo ou combustible, salas de xogo ou apostas e farmacias; estar en Melide; e ter TPV.

Para unirse a esta iniciativa os comercios deben acudir ás instalacións de Asetem, na rúa Lino Sexto, e cubrir un impreso.

LIMPIEZA Y DESINFECCIÓN AMBIENTAL CONTRA EL CORONAVIRUS

Debido a la declaración del brote de coronavirus como pandemia global por parte de la Organización Mundial de la Salud, desde PLAGOSTEL queremos ayudarle a mantener las dependencias de sus instalaciones libres del virus COVID-19

Plagostel
N.R.S. [0177-GAL-SPO]
calidad e higiene alimentaria

Contacte con nosotros, podemos ayudarle
986118714 – 698179968
pedidos@plagostel.com

24 ANOS VENDENDO EN MELIDE

MARÍA DEL CARMEN E ÁNGELES SÁNCHEZ

Perfumería Lyss *(Ronda da Coruña, 44 - Melide) - Tfn.: 981 50 76 84*

“Coa pandemia a xente descubriu e puxo en valor os comercios locais que estaban no esquecemento ”

María del Carmen e Ángeles Sánchez, 24 anos ao fronte de Perfumería Lyss. /Foto: Cerne

O 15 de marzo Perfumería Lyss cumpriu vinte e catro anos. Un camiño percorrido por dúas irmás, María del Carmen e Ángeles, na procura dun novo concepto de establecemento na vila melidense daquel momento. Unha andaina na que a ilusión e a constancia foron a chave do éxito e as súas grandes aliadas.

- Fai máis dunha vintena de anos que decidistes poñer en marcha o negocio. Seguides recordando a razón pola que o fixestes?

- María del Carmen Sánchez (M.S): Nós decidimos emprender porque nese momento en Melide non había ningunha perfumería autoservizo, é dicir, un establecemento no que a clientela puidera vir, mirar e coller ela mesma o que necesitara. Antes, o costume nos comercios era servir todo as persoas que estaban no mostrador. Entón, nós vimos necesario crear este tipo de negocio para que a xente puidera ser máis independente á hora de facer as súas compras, que iso non significa que non nos poidan pedir consello nin axuda.

- Conseguir que un pequeno establecemento permaneza aberto despois de tanto tempo, imaxino que non é fácil.

- Ángeles Sánchez (A.S): Pois non. Nós cremos que algo fundamental para conseguilo é a constancia no traballo e non tirar a toalla cando as cousas se complican porque hai momentos, logo de tantos anos, nos que a situación é máis complexa. Ademais, tampouco se pode perder a ilusión, xa que sen este compoñente penso que o resto vai caendo detrás tamén como nun efecto dominó. **(M.S):** Tamén é moi importante facer o que che gusta, neste caso, estar de cara ao público e intentar traerlle á clientela novos produtos para ir andando cos tempos.

- O espírito emprendedor venvos de familia.

- (A.S): Así é, meus pais xa emprenderon no mundo da hostalería e iso sumado a que nos gusta un pouco o risco pois tivémolo claro. **(M.S):** Aínda que tamén é certo que, se tiveramos que tomar a decisión de emprender nestes tempos, non sei eu se nos atreveriamos. Nós xa temos unha certa idade e antes a ilusión por empezar con algunha novidade era moita maior do que o sería agora mesmo.

- A pandemia trouxo un novo complemento, a máscara. Fixo isto que nos preocupemos máis pola saúde da noso rostro?

- (A.S): Si, totalmente. Dende hai un tempo atrás estamos moito máis informados da necesidade de coidar a pel e, sobre todo, agora que levamos a máscara posta tantas horas ao día. Entón, cada vez máis, intentas coidar moito o rostro do sol e outros factores que poden ser prexudiciais para a nosa saúde.

- É unha moda consolidada o da cosmética de orixe natural?

- (A.S): Si, a xente agora mira moito máis os ingredientes cos que se fan os produtos que compran. Por exemplo, que non teñan sulfatos nin parabenos e que non estean testados con animais. **(M.S):** A clientela está moi concienciada co coidado da pel e con empregar cosméticos o máis naturais posible. Ademais, internet é unha fonte de información na que a xente, a día de hoxe, consulta moito sobre este tipo de cousas na rede.

- Falando de internet, como traballades coa ferramenta das novas tecnoloxías?

- (M.S): Pois estamos no camiño de aprender a darlles un bo uso e o máis profesional posible. Eu son menos hábil con esas cousas pero son consciente de que cando empezamos a subir os artigos a Facebook a veciñanza dos concellos limítrofes viñan á tenda a por produtos concretos que viran na rede. **(A.S):** É un escaparate a maiores do que ten o establecemento físico, a vantaxe del é que chega a moitos lugares e non tes porque estar fisicamente en Melide. De feito, penso que, ás veces, non nos damos conta e pensamos que o das redes sociais é cousa do futuro e non, é xa o presente. Moitas persoas compran unicamente pola web, xa non van aos locais dos negocios. Nós somos da “vella escola” pero intentamos mellorar e aprender todos os días para adaptarnos ás novas tecnoloxías.

- E o futuro do comercio local, como o vedes?

- (M.S): incerto. Esa é a palabra. Ao mellor é culpa da idade que teño ou, incluso, da miña experiencia persoal pero véxoo así. Temos que vivir o día a día e intentar superarnos no que facemos pero intentando facer os menos plans posibles porque vendo a situación na que estamos é o que se pode facer. **(A.S):** Xa antes da pandemia o futuro para o comercio era incerto porque segundo pasa o tempo ímolo tendo cada vez máis difícil e coa covid acelerouse todo isto. Pero hai que ser positivas e intentar non darse por vencidas, loitar ata o final.

- Notastes que a mentalidade ou o comportamento da veciñanza cambiou en canto a mercar máis nos pequenos negocios?

- (A.S): Creo que a xente, en moitas ocasións, valoraba máis o que tiña fóra da súa vila que o que podía ter ao lado da casa. Entón, o que pasou coa pandemia, cos peches perimetrais e medidas semellantes, foi ensinarnos a valorar e descubrir o que temos preto de nós. Ao final, depende de todos e todas que a vila sexa un lugar vivo ao que a xente queira vir para pasear, comer ou mercar. Isto é tarefa de toda a veciñanza. **(M.S):** É todo unha cadea, se os veciños e veciñas non apostan polo comercio de proximidade, moitos negocios pecharán e haberá menos empresas que quererán traer traballo aquí, polo que, aínda que sexa de maneira indirecta aféctanos a todos e a todas. Por iso, é moi importante facer fincapé na necesidade de que a cidadanía faga as súas compras nos locais de toda a vida, no que che poden dar un servizo moi personalizado. Pero para que isto sexa posible, tamén é importante que a clase política se involucre realmente en axudar a crecer ao comercio local, que non queden as iniciativas en palabras bonitas, que sexan feitos nos que poidamos ver algúns resultados. **(A.S):** Ademais, en Melide temos os domingos abertos, o que é un atractivo para a veciñanza doutros concellos e por ese eido tamén se debe potenciar o consumo nos establecementos da vila. É o noso valor engadido.

CAMPAÑA RENTA 2020

Información elaborada por CCXestión

OBRIGA DE DECLARAR POLO I.R.P.F.: persoas físicas con residencia habitual en España, coas rendas que se sinalan:
a) *Rendementos íntegros do traballo cos seguintes límites*:
1.- 22.000€ anuais, se proceden dun único pagador ou de varios pagadores cando:
-A suma das percepcións do segundo e restantes pagadores non superen en conxunto 1.500€ anuais.
-Os únicos rendementos do traballo consistan en pensións da S.S. e demais prestacións pasivas e que a determinación do tipo de retención aplicable se realizase segundo a normativa.
2.- 14.000€ anuais cando:
-Procedan de máis de un pagador, e o segundo e restantes pagadores superen os 1.500€ anuais.
-Se perciben pensións compensatorias do cónxuxe ou anualidades por alimentos, salvo que procedan dos pais por decisión xudicial.
-Se o pagador dos rendementos non está obrigado a reter.
-Se perciben rendementos íntegros do traballo suxeitos a tipo fixo de retención.
b) Rendementos íntegros do capital mobiliario e ganancias patrimoniais suxeitas a retención ou ingreso a conta cando superen os 1.600€ anuais.
c)Rendas inmobiliarias imputadas que procedan da titularidade de inmobles, rendementos íntegros de letras do tesouro e subvencións para a adquisición de vivenda de protección oficial co límite de 1.000€ anuais.
PRAZO: dende o 7 de abril ao 30 de xuño de 2021. Se a renda resulta a pagar e se quere domiciliar ese importe, o prazo remata o día 25 de xuño.
Cando a declaración saia con resultado a ingresar poderase fraccionar en dous prazos: o 60% da cota ingresarase como data límite o 30 de Xuño e o 40% restante o 5 de novembro de 2021.

IMPORTANTE:
.- **As prestacións percibidas en ERTE están suxeitas a IRPF**. Se só se percibiron ingresos procedentes do ERTE a obriga de declarar está en 22.000 euros anuais, pero se existen máis pagadores no ano (por exemplo, empresa e ERTE) a obriga de declarar situase en 14.000 euros sempre que a contía do segundo pagador e seguintes (por importe) supere os 1.500 euros.
.- **Existe un fraccionamento extraordinario, sen xuros, para o pago da débeda** da declaración para aquelas persoas que no ano 2020 estiveron afectadas por ERTE. Este aprazamento consiste en pagar en 6 mensualidades, a días 20 dende xullo a decembro.
.- Segundo o criterio da Axencia Tributaria, **durante a suspensión total do contrato derivado de ERTE, non procedería o cobro do abono anticipado da dedución por maternidade** (100 euros por fillo menor de 3 anos), ao entender que a persoa traballadora non realiza actividade por conta allea. Polo tanto, as persoas traballadoras afectadas deberían regularizar os importes indebidamente cobrados mediante a presentación da declaración da Renda.

Rúa Fernández Flórez, 1 Baixo (esquina con Avenida América) en Melide / Teléfono: 881 973 307

- Angarela
- Ana Mato Abogada
- Anic Difusión
- Autoescola Agra
- Autoescola Marte
- Bodegas Curros
- Bodegas Mejuto
- Xeados Borboriño
- Cafetería Estilo
- Calzados Broz
- Casa Juanito
- Casa Santos
- Casa Alongos
- CC Xestión
- Clínica dental Ana Marcos
- Clínica dental Karim- Cociñas M. Buján
- Colorín Colorado
- Diva Pro
- Electrosan
- Escala Espectáculos
- Espomasa
- Eva Mato Abogada
- Eurocadena
- Floristería Maru
- Floristería Tarrio
- HardGalicia (R)
- Hotel Carlos 96
- Jacarandá
- Imprenta Meligraf
- Latexo logopedia
- Librería Cousas
- Librería Victorio
- M&M Moda
- Marvi
- Melimática
- Mercería Isabel
- Meixela
- Mobles Ares
- Modas Dándolo
- Mobles Paula
- Muxica
- O Carburo
- O Tobo do Lobo
- Óptica Abal
- Óptica Melide
- Ortosaude
- Panadería Toques
- Parafarmacia "O Cantón"
- Parrillada Rúa
- Pasarela
- Pazo de Eidián
- Pequeniños
- Perfumería Lyss
- Peluquería Coral
- Pescados Manolo
- Pulpería Ezequiel
- Romero
- Salacadula Shop
- Santín Amo Peluqueros
- Seguros Bilbao
- Shako Moda
- Strelizia Floristas
- Sueños
- Toysmaniatic
- Xanela Ocio
- Xoiería Oro Ley
- Xoiería Pereiro
- Xoiería Roval
- Xoiería Silvela
- Zafiro Tours
- E moitos máis...

Aberto ata decembro a inscrición para as empresas participantes no Bono Turístico

Imaxe publicitaria do Bono Turístico 2021 'Quedamos en Galicia'. /Foto: Xunta de Galicia

O goberno galego lanza a segunda edición dos bonos turísticos 'Quedamos en Galicia'. Aberto o prazo para que as empresas, empresarios ou asociacións empresariais, que dispoñan de aloxamentos (agás vivendas de uso turístico) e axencias de viaxe que queiran soliciten a adhesión a este programa.

Os requisitos que deben cumprir as empresas para participar nesta iniciativa son: desenvolver as súas actividades dentro do sector turístico en Galicia, estar dado de alta no REAT (Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas) e dispoñer de TPV con número de comercio que os identifiquen no servizo de pagamentos. O prazo de adhesión para estas empresas ou asociacións empresariais remata o 15 de decembro deste ano.

Os locais adheridos deberán incluír en toda a documentación e soportes da iniciativa a imaxe corporativa da Xunta de Galicia e do programa Bono turístico 2021, usándoa nos produtos e servizos ofertados.

Ademais, as empresas participantes, deberán rexistrarse na plataforma TURESPAZO, na páxina web https://turespazo.turismo.gal e dende ela poderán presentar as súas ofertas específicas de: aloxamentos/servizos ou produtos que oferten para a promoción da iniciativa, e de paquetes turísticos, no caso das axencias de viaxe. Estas ofertas aparecerán na web de Turismo de Galicia nun lugar destacado só para coñecemento dos beneficiarios dos bonos turísticos.

Pola outra banda, as persoas beneficiaria do Bono turístico 2021 'Quedamos en Galicia' poderán consumir os servizos ofertados para este programa no establecemento adherido. No caso de que se faga reserva previa, os turistas poden realizala no negocio ou en calquera espazo web de central de reservas que non implique o pagamento previo, sendo necesario que o pago se realice no propio local.

A Xunta lanza 330.000 vales Activa Comercio

Escaparate de Tenda Xoven Muxica. /Foto arquivo

A Xunta de Galicia lanza 330.000 Bonos Activa Comercio, unha iniciativa coa que se prevé mobilizar uns 55 millóns de euros que facturarán os comercios locais rexentados por autónomos e autónomas ou que sexan pemes.

Cada un dos vales terá un saldo de trinta euros, cos que se pode desfrutar de descontos do 20% nos produtos que se compren.

A finais de marzo, abriuse o prazo para que as entidades financieiras que queiran colaborar cos establecementos o comuniquen. Logo, os negocios poderán tramitar a súa solicitude para adherirse á campaña. Como último paso, repartiranse os bonos entre os consumidores que o soliciten, que se descargarán dende unha aplicación que tramitará o banco.

O presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, manifestou que "o bono xestionarase a través dun código QR, os que consigan facerse cun terán que usalo antes do 30 de xuño". Estes bonos pódense utilizar nun máximo de seis compras de trinta euros cada unha. Isto supoñerá un desconto de cinco en cada unha delas.

Os únicos requisitos para as persoas que adquiriran os bonos son: estar empadroados nun municipio galego e ser maior de idade. Unha medida que pretende ser unha axuda para comerciantes e compradores.

A Deputación da Coruña convoca as axudas Plan de Emprego Local do 2021

Imaxe da presentación das axudas. /Foto: Deputación da Coruña

A Deputación da Coruña vén de convocar, no marco do Plan de Emprego Local, as axudas PEL 2021 coas seguintes liñas presupostadas: emprende investimento, autónomos e creación, ampliación e mantemento das PEMES e microempresas. Todas elas destinadas ao tecido empresarial dos concellos da provincia coruñesa.

Na sección da PEL emprende investimento as axudas van destinadas a contribuír á consolidación e ao fortalecemento do tecido a través do apoio ao investimento en bens inventariables. Logo, a PEL do colectivo dos autónomos dedicada ao fomento do emprendemento e ao traballo por conta propia, mediante o pagamento das cotas da Seguridade Social. Tamén hai unha partida para a creación, ampliación e mantemento do cadro de persoal de pequenas, medianas e microempresas.

Estas subvencións son compatibles entre si, pero non con calquera outra concedida pola Deputación. As bases das axudas PEL deste ano poden consultarse no Boletín Oficial da Provincia nº 37 do 25 de febreiro ou na seguinte ligazón: https://bop.dacoruna.gal/boportal/publicado/2021/02/25/2021_0000001405.pdf

O prazo para a presentación de solicitudes estará aberto ata o vindeiro 15 de abril ás 14:00 horas. As peticións presentaranse de xeito telemático, a través da aplicación SUBTel, que se pode atopar na páxina web da Deputación da Coruña (www.dacoruna.gal).

centro auditivo

solicita tu **REVISION GRATUITA**

ÓPTICAStábora

REXCE AUDIOPRÓTESIS
E. 15-001241

REXCE ÓPTICA
E. 15-001238

Rda da Coruña 20 **MELIDE**

RECOMENDACIÓNS LITERARIAS DAS NOSAS LIBRERÍAS

Con motivo da celebración do Día do Libro o vindeiro 23 de abril achegámonos ata as dúas librerías asociaciadas a ASETEM - CCA, Cousas e Victorio, para compartir cos lectores e lectoras títulos cos que poder viaxar coa imaxinación, nestes tempos nos que desprazarse de maneira física é máis complexo. Os libros foron unha vía de escape fundamental durante os meses de confinamento por mor da pandemia e deben seguir sendo uns compañeiro de vida nos que refuxiarnos e aprender constantemente.

PILAR VARELA

Librería Victorio *(Rúa Taboada Roca, 1 - Melide) - Tfn.: 981 50 50 55*

"Vendo máis libros en castelán que en galego para todas as idades e temáticas"

Pilar Varela, responsable de Librería Victorio. /Foto: Cerne

- A clientela de Librería Victorio en que idioma le máis, en galego ou en castelán?

- Pilar Varela (P.V): En castelán. A verdade é que non sei se inflúe que soen ser títulos e autores máis coñecidos os que escriben en castelán pero é certo que en galego temos menos demanda. A pesares disto, si que hai un pequeno número de persoas que, a gran maioría de veces, che veñen comprar libros en galego e son fieis a esas lecturas. Ademais, tamén os prezos son diferentes dun idioma ao outro. En galego os libros son algo máis caros que en castelán, aínda que non creo que este sexa o motivo polo que se venden menos.

- Para que idades vendes máis títulos?

- (P.V): Pois realmente depende un pouco da época do ano. No Nadal, por exemplo, é cando máis vendo para os adultos. É un regalo moi recorrido e que non soe fallar para cando xa tes unha certa idade. Logo, durante o curso e, incluso nun ano previo á pandemia, en Semana Santa os títulos que máis saían eran para nenos e nenas en idade escolar. Tanto che viñan os pais dun cativo que ía en primaria como un de bacharelato. Ademais, para estas idades o que se venden bastante son os libros de lectura obrigatoria para o alumnado do instituto.

- Hai algunha temática literaria que nunca falla ou que che piden moito?

- (P.V): Para os adolescentes agora pídense moito lecturas sobre os "influencers" ou as redes sociais. Son un reclamo moi atractivo para eles. Despois, para os máis cativos e cativas o éxito son os libros de animais. E xa para os adultos, os Premio Planeta son unha absoluta garantía e a xente aposta moito por eles.

- Ti tamén tes á venda prensa e revistas. Á xente séguelle gustando ler este tipo de publicacións en papel?

- (P.V): Eu procuro ter un pouco de todo, tanto en xornais como en revistas, pero a súa demanda é moi irregular. Por exemplo, fai unhas semanas a Pronto rematouse en nada, foi un bombazo, e pola contra desta vez aínda me queda algunha. Porén, hai clientela que é fiel á súa lectura diaria ou semanal da prensa e da revista impresa.

- Imos meternos en materia, cal son as túas propostas literarias?

- (P.V): Primeiro, o gañador do Premio Planeta de Novela do 2020, *"Aquitania"* de Eva García de Urturi. Unha obra chea de historias cargadas de vinganza, incestos e batallas. A autora consegue trasladarnos con cada fragmento ao lector ou lectora a un mundo moi afastado historicamente e consegue que nos sintamos parte da aventura.

Como avance: a escritora pon o punto de partida no ano 1137, cando o duque de Aquitania, unha rexión francesa, aparece morto en Compostela. O cadáver queda completamente azul e coa marca "aguia de sangue", unha tortura ancestral normanda. Debido a este acontecemento, a súa filla Eleanor toma a decisión de vingarse e para conseguilo casa co fillo do asasino, Louis VI o Gordo, rei de Francia.



Portada do libro *"Aquitania"*, último premio. /Foto: Editorial Planeta

- E para os rapaces e rapazas de entre oito e doce anos?

- (P.V): Para esas idades véndense moito os libros de *"Los Futbolísimos"* de Roberto Santiago. Esta colección relata decenas de aventuras xuvenís, por exemplo, no último *"El Misterio de los árbitros dormidos"*. Nesta lectura, Francisco, o seu protagonista, e o seu equipo de fútbol, Soto Alto, ían últimos no campionato da liga. Se non ganan un dos tres partidos descenderán e o equipo desaparecerá. Logo dunha derrota e un empate, por mor de quedarse o árbitro durmido, no terceiro partido descóbrese o motivo real polo que suceden esas cousas tan raras. Un libro no que hai que adentrarse para saber o que acontece e coñecer o destino do equipo de fútbol no que xoga Francisco. Unha lectura que mantén os rapaces e rapazas con intriga ata a páxina final.

- Para rematar, tes tamén libros para os máis cativos e cativas da casa?

- (P.V): Por suposto. Para esas idades hai exemplares moi bonitos, con debuxos fermosos e moitas cores. Nestas idades, unha das temáticas máis habituais son os animais. Algúns exemplos son: *"El pollo Pepe"* de Nick Denchfield, todo un éxito para cando empezan a ter curiosidade por todo e lles gusta empezar a tocar as cousas, de feito, trae un poliño de peluche de regalo. Esta é unha lectura cunha morea de "pop - ups" que para os nenos e nenas dun ano é unha pasada porque lles encantan. Tamén *"Oso y Ratona de cumpleaños"* de Nicola Edwards, que forma parte dunha colección de libros, nos que cada un está dedicado a unha vivencia ou aventura que este par de amigos pasan xuntos. Estes exemplares son unha boa maneira de que os cativos e cativas interactúen cos protagonistas grazas ás pestanas, solapas e outros elementos que conteñen.

RAMÓN VIDAL

Librería Cousas *(Avenida da Habana, 29 - Melide) - Tfn.: 981 50 57 75*

“A maioría da clientela ten claro o libro que quere mercar antes de vir á librería”

Ramón Vidal, responsable de Librería Cousas, no mostrador durante a conversa. /Foto: Cerne

- Cando a veciñanza vén mercar os libros, trae a escolla clara ou pídenche consello?

- Ramón Vidal (R.V): Na gran maioría das veces, a xente trae moi clara a idea da casa. Para min mellor porque eu tampouco é que poida aconsellar demasiado ben (risas) pero a clientela cando chega sabe que título quere comprar. Logo, tamén hai persoas que comezan a ler un autor ou autora en concreto e despois xa che veñen preguntando polas súas narrativas.

- Tes bastantes estilos e temáticas literarias onde escolmar?

- (R.V): Si, procuro ter un pouco de todo, aínda que na tenda o libro é un complemento máis pero non é o principal nin o que máis se vende. É certo que en determinadas épocas si que se vende moito libro como, por exemplo, en Nadal. Neses días si que a veciñanza vén mercar moitos exemplares e para todas as idades por igual, penso que os Reis Magos e Papá Noel deixan moitos exemplares nas casas. Ademais, tamén hai un determinado público que segue sendo fiel ao libro de peto de toda a vida e iso vaise sacando ao longo de todo o ano.

- Neste mes de abril, celébrase o Día do Libro, unha boa oportunidade para engancharse nas historias dalgún dos exemplares que tes no establecemento.

- (R.V): En Librería Cousas temos para adultos, por exemplo, os do escritor Ken Follet que teñen moitísimo éxito entre a nosa clientela. Un dos que temos del chámase *“La caída de los gigantes”*, unha narrativa na que se contan as vidas de cinco familias: unha americana, unha galesa, unha alemá, unha rusa e unha inglesa, co pano de fondo da Primeira Guerra Mundial e a Revolución Rusa, dous acontecementos que implicaron moitos cambios sociais que van afectar a estas familias. Este libro é a primeira parte dunha triloxía do autor. Toda unha oportunidade para viaxar atrás no tempo e descubrir como era a sociedade deses anos. Ademais, hai parte das lecturas que veñen mercar á tenda, gústalles bastante a escritora Megan Maxwell. Un exemplo das súas lecturas máis exitosas é a triloxía *“Pídeme lo que quieras”*, é a vida dunha parella dende os seus inicios, narra todos os obstáculos e circunstancias que lle pasan ao longo do tempo e no que as lectoras ou lectores poden adentrarse nas historias deles como se os coñecesen de sempre.

Unha das últimas novidades que nos chegou é *“La otra mujer”* de Daniel Silva, ambientado nunha pequena vila de Cádiz onde unha misteriosa muller francesa escribe as súas memorias un tanto perigosas. Unha vivencias que van espertar moito interese ao lelo.

Outro autor que se vende moi ben é Arturo Pérez Reverte, é un clásico de moitas bibliotecas. Títulos como *“Eva”* ou *“Territorio Comanche”* son dos máis coñecidos entre parte dos lectores e lectoras, para os que este escritor é un imprescindible.

- Falando con Pilar de Librería Victorio comentaba que nos adolescentes teñen moito éxito os libros de “influencers”.

- (R.V): Si, aquí pasa o mesmo. Todo o que teña que ver coas persoas que saen nas redes sociais, xa sexan “influencers” ou “youtubers”, véndense moi ben. Para esas idades tamén lle gustan moito as lecturas sobre series que saen en Neox e en Netflix, é un pouco a mesma idea que co dos “youtubers”, na adolescencia gústalles moito levar ao papel as historias que ven na televisión ou nas redes sociais.

- E os nenos e nenas pequenos teñen tamén os seus grandes éxitos?

- (R.V): Claro, coma todos. Aínda que é certo que nos últimos anos variaron un pouco, antes vendíanse moi ben os de Gerónimo Stilton e agora algo menos. Nestes tempos teñen moitos seguidores e seguidoras *“Karina&Marina”* que son dúas xemelgas que teñen varios libros nos que se van contando diversas aventuras e etapas das súas vidas, son historias moi entretidas. Tamén *“El Mundo de Clodett”* é unha das lecturas favoritas, unha nena protagonista que, casualmente, tamén ten unha irmá xemelga. Son moitas as historias que se narran nos libros de Clodett pero o que está garantido é que sempre son “superlios”.

- Na librería tes tamén libros especializados, ata de xardinería?

- (R.V): Si, do mundo da xardinería e da horta hai bastantes exemplares, pódense ver expostos no escaparate. Estas lecturas son tanto para persoas entendidas no eido como para as que se están iniciando. Hai algún como ‘El huerto fácil’ que nos ensina a sementar, cultivar e recoller alimentos saudables como tomates ou pementos. Ademais, cada vez, interésanos máis o mundo da comida saudable e ecolóxica, polo que pode ser unha boa opción para aprender sobre este mundo.

- A parte de libros vendes todo tipo de artigos de papelería.

- (R.V): Así é. Na librería temos todo o material necesario para a escola, o instituto e oficinas. Ofrecemos unha gran variedade de artigos como bolígrafos, carpetas, folios, rotuladores, e moitas cousas máis para que cada cliente escolla o que máis lle guste. Logo, tamén temos algunha que outra lambetada, como caramelos e pipas, e un obxecto imprescindible nestes momentos, máscaras hixiénicas.

Portada dun dos exemplares de *“Karina&Marina”*. /Foto: Editorial

ESPAZO RENOVADO EN EZEQUIEL

MARÍA DE LAS MERCEDES PARRADO

Polbeira Ezequiel *(Cantón de San Roque, 48 - Melide) - Tfn.: 686 58 33 78*

“Nesta reforma do negocio hai unha homenaxe a meus pais, foron o inicio de todo e necesito telos cerca por todo o que significan para min”

Un dos comedores da polbeira Ezequiel logo da reforma. /Foto: Cerne

Para o Cerne do mes de abril visitamos o local melidense e asociado de Asetem, Ezequiel, para comprobar de primeira man o resultado tras as reformas realizadas durante o pasado febreiro. Esta polbeira é unha das máis antigas da vila e das máis coñecidas polo mundo grazas aos peregrinos e viaxantes, nela as raíces e a terra teñen un lugar moi importante que sempre esta presente.

- En que ano se abriu a polbeira Ezequiel?

- Mercedes Parrado (M.P): O negocio comezou no 1960, cando meus pais decidiron poñelo en marcha. O primeiro baixo en acoller o restaurante foi xusto na esquina do Cantón de San Roque, alí na planta baixa tiñamos a cafetería, no primeiro piso o comedor e logo, arriba, a vivenda. Co paso do tempo, o local de arriba foise quedando pequeno, sobre todo, para os domingos que era cando a xente viña a Melide á feira e quedaba a comer o polbo. Por esta razón, meu pai decidiu acondicionar e adaptar este garaxe e poñelo como comedor para o último día da semana. Porén, estaba preparado de maneira moi antiga, con cemento no chan, un falso teito e cabaletes facendo de mesa para os comensais.

- Este espazo, entón, ten moita historia?

- (M.P): Así é, cando meu pai era neno isto era un cine onde a veciñanza viña ver as películas. Logo, foi un taller no que amañaban un pouco de todo. E, finalmente, rematou acollendo o negocio do polbo. De feito, lembro vir de cativa limpar o sitio para abrir o comedor aquí e, incluso recordo que, viñeran unhas amigas miñas axudarme.

- Comentabas antes a tradición que a veciñanza tiña de vir comer o polbo os domingos, isto séguese conservando?

- (M.P): Si, eu penso que si porque a poboación de Melide é moito de comer polbo. Gústalle vir desfrutar do produto e fan diso unha maneira máis de socializar. É certo, que durante a semana aquí paran máis ben viaxantes e traballadores, pero cando chega o fin de semana vén moita xente xantar en familia, persoas que ao mellor viven en Santiago ou na Coruña e aproveitan eses días para vir ver os seus familiares e quedan aquí a comer polbo.

- Por que decidistes facer a reforma neste tempo de pandemia?

- (M.P): Era o momento ideal porque foi cando nos obrigaron a pechar polas medidas de restrición fronte á covid e entón, ao non poder ter aberto neses días, era a época perfecta para facer a reforma. Nós non paramos de traballar nunca, só en ocasións moi xustificadas, polo que nos veu ben para esas semanas para así aproveitar e darlle unha nova cara á polbeira.

- Que buscabades con estes cambios na estética do local?

- (M.P): Eu a este baixo quérolle moito, téñolle un cariño inmenso, porque é unha herdanza de meus pais. Aquí comecei a traballar dende moi noviña e por iso tamén lle teño unha paixón e un apego moi especial. Recoñezo que sentimentalmente este negocio significa moito, é parte de min e da miña vida. Entón, con esta reforma, a parte de buscar que a xente se atopase cómoda cunha decoración máis acolledora tamén queriamos que se adaptara aos novos tempos, nos que a hixiene é fundamental. Por este motivo, decidín non poñer pintura nin ningún tipo de material que sexa dificultoso de limpar, que con pasarlle simplemente un pano xa quedase todo impecable.

- Teño entendido que nesta tarefa para darlle unha nova cara ao comedor, hai unha homenaxe moi especial a teus pais?

- (M.P): Si, aquí xusto segundo entras ao fondo na parede da dereita, colocaremos un cadro. Esta obra estaa facendo o artista Cándido Pazos e nela van aparecer as raíces do camiño, o do mundo celta e as miñas propias. No cadro vai ir a primeira fotografía de carné de meus país, elementos da cultura celta e tamén do camiño de Santiago como a cuncha ou a barca coa que trouxeron ao apóstolo. En definitiva, ao facer a reforma eu quería darlles unha homenaxe aos meu proxenitores, que foron o inicio de todo. Necesito telos cerca e que formen parte deste espazo renovado con algo que estea a altura do seu traballo, do que significan para min e para este negocio. Eles fixeron que a polbeira Ezequiel se coñeza fóra das nosas fronteiras.

- Volvendo un pouco ao produto, cal é o segredo para cociñar un bo polbo á feira?

- (M.P): O aceite, o sal e o pemento. E claro, escorrer ben o polbo porque se queda con auga perde moito sabor, eu sempre procuro, que vaia ben seco. Despois, a min gústame botarlle pouco pemento porque prefiro que o comensal decida se quere botarlle máis e non poñerlle moito eu e que logo non haxa amaño. Ademais, é importante facer as cousas con cariño, dedicación e constancia, isto é algo que intento seguir no meu día a día para conseguir un bo resultado do traballo que fago na polbeira.

A entrada de Ezequiel, onde preparan as racións de polbo. /Foto: Cerne

SABER DE LEI

A propiedade intelectual e os dereitos de autor

Ana Mato Salgado
Avogada
Tlfn.: 671 833 425
Rúa Xesús Carro, Nº15-2º
(Melide)

Hai un dito por aí, de que tres son as cousas que unha persoa debe facer antes de morrer para que se considere a súa vida como plena. Esas tres cousas son; escribir un libro, plantar unha árbore e ter un fillo. Algúns conformámonos con facer unha, dúas ou ningunha. Pero para aqueles que fagan a primeira; escribir un libro, deberían ter algúns aspectos legais en conta se queren protexer a súa creación. Cando temos un libro escrito e queremos sacalo do caixón, é dicir, publicalo, moitas veces non pensamos en nada máis que non sexa en como contactar con editoriais para facelo. Pero o primeiro paso que debemos de seguir é o de rexistrar a nosa obra literaria no rexistro da propiedade intelectual. Non é un paso obrigatorio pero si moi recomendable. Xa que ese libro dende o momento en que o rexistremos será noso, e seremos os autores de pleno dereito do mesmo.

O rexistro da propiedade intelectual é unha forma de protección prevista que o configura como un rexistro de dereitos relativos as obras e as producións protexidas. A inscrición non ten carácter obrigatorio, pero é a derradeira proba, segundo se establece no artigo 145.3 da Lei de Propiedade Intelectual, presúmese que os dereitos existen e pertencen ao titular na forma determinada nos asentos de rexistro correspondentes.

En España non se pode rexistrar unha idea, pero si calquera texto, ben sexa unha novela, un conto ou conxunto deles, obras de teatro, un guión...A lei de propiedade intelectual ten como finalidade protexer e recompensar os produtos da mente, polo que as ideas para poder protexelas deben ser expresadas.

Para proceder ao rexistro ou ben o podemos facer de forma presencial nas oficinas do rexistro da propiedade intelectual ou a través de internet con certificado dixital, e o prezo oscila sobre 12 euros, pero non é o mesmo en todas as CC.AA. Que unha obra este rexistrada non significa que non poida ser pirateada ou plaxiada unha vez que esta se publique, pero o rexistro o que si garante é autoría da mesma.

Como vemos é fundamental para a nosa protección rexistrar a obra literaria no rexistro da propiedade intelectual antes de enviala a un concurso literario, a editoriais ou incluso antes de envíala a lectores de confianza. O dereito de autor é un termo xurídico que describe aos dereitos concedidos aos creadores polas súas obras literarias e artísticas, que inclúe libros, obras de arte, música...Esta protección permite ao autor controlar o uso económico da obra de diversas maneiras e recibir os pagos correspondentes . Pero, ademais dunha protección económica tamén protexe dereitos morais como son o dereito de paternidade (dereito a reclamar a autoría da obra) e o dereito de integridade (dereito a negarse a calquera distorsión, mutilación ou outra modificación da obra en cuestión que sexa prexudicial para a honra ou reputación do autor).

O tempo que duran estes dereitos de autor están suxeitos o Convenio de Berna, onde se indica que a duración mínima dos dereitos de autor será mentres viva o mesmo e cincuenta anos despois da súa morte. En EE.UU e en gran parte de Europa, este prazo legal ampliouse a setenta anos atrás a morte do autor. No caso de que sexan varios os autores a duración deste dereito comeza a contar dende o final do ano no que morra o último autor supervivente.

Os delitos contra a propiedade intelectual veñen recollidos nos artigos 270, 271 e 272 do Código Penal. O ben xurídico que se trata de protexer neste caso é o patrimonio dos titulares dos dereitos de propiedade intelectual. Castigaranse as condutas que levadas a cabo sobre unha obra de carácter artístico ou científico,

protexida, sen autorización dos titulares dos dereitos de propiedade intelectual e con ánimo de obter un beneficio económico directo ou indirecto, consisten en; reprodución, plaxio, distribución, comunicación pública...E cuxas sancións serán; pena de prisión de 6 meses a 4 anos, multa de 12 a 24 meses ou retirada das obras obxecto de infracción. Sancións que se poderán ser agravadas ou atenuantes en función da gravidade que presenten.

O plaxio nas obras literarias é un dos delitos máis comúns que se levan a cabo. O plaxio pode definirse como aquela conduta de copiar o substancial dunha obra allea e dándoa como propia. Moitos son os escritores que nalgunha ocasión se viron salpicados por este tema. O falecido premio nobel galego; Camilo José Cela no ano 95 foi acusado pola escritora Carmen Formoso de plaxio xa que había coincidencias de personaxes, temas e frases na súa novela " Carmen, Carmela, Carmiña" e " A cruz de San Andrés" de Cela. Outros escritores acusados de mesmo foron José Saramago, Ana Rosa Quintana ou Carlos Fuentes, aínda que a acusación de este último foi desestimada polo xuíz.

Como vemos, é moi importante rexistrar as nosas creacións literarias, aínda que en moitas ocasións pensemos que non fai falta.

E tirando de refraneiro popular; " máis vale prever que lamentar".



O Concello presenta unha campaña para impulsar o consumo dos doces típicos da vila durante todo o ano

O Concello de Melide, a través da concellería de Promoción Económica, presentou e puxo en marcha unha campaña para dar a coñecer, promover e impulsar a venda e o consumo de melindres, ricos e amendoados durante todo o ano.

Esta iniciativa nace, segundo comentou na presentación o concelleiro Xosé Iglesias, "da necesidade de avanzar, e adaptarse á nova normalidade que trouxo consigo a COVID – 19". Ata este ano a repostería tradicional melidense contaba cunha celebración especial de interese turístico galego, cada segundo domingo de maio, dende hai case trinta anos: a Festa do Melindre. Non obstante, este ano dada a situación sanitaria na que nos atopamos, non será posible realizar a Festa do Melindre tal e como a coñeciamos ata agora, pero de todas as circunstancias se poden sacar novas oportunidades e é isto o que a administración local está procurando facer a raíz desta campaña a través das redes sociais.

Presentación da campaña para impulsar o consumo dos doces típicos melidenses. /Foto: Concello de Melide

Non obstante, dende o Concello melidense non descartan, sempre e cando a situación sanitaria e os datos melloren e o permitan, facer unha programación especial pasado o verán para complementar esta iniciativa.

Situar Melide no mapa grazas aos nosos doces

Os principais obxectivos deste proxecto son: dar a coñecer os melindres, ricos e amendoados fóra da nosa comarca para que todas as persoas, independentemente de onde vivan, sexan capaces de relacionar a nosa repostería con Melide; isto anterior, tamén supón poñer a vila no mapa imaxinario da poboación, o que provoca, ao mesmo tempo, un interese por visitala e probar os doces. Polo tanto, facer da repostería un valor engadido para o turismo.

Ademais, destacar que Melide é un municipio no que se unen o Camiño Francés e o Camiño Primitivo, dúas das sendas máis recorridas polos peregrinos de camiño a Compostela; polo que, se dende a institución municipal lle dan un impulso á visibilización da gastronomía melidense, este pode ser un motivo máis para parar e comer en Melide. Dende o Concello tamén buscan que os melindres, ricos e amendoados sexan uns produtos que a poboación merque e consuma durante todo o ano e os inclúa na súa alimentación cotiá, acompañando por exemplo os seus cafés; para conseguir esta meta a hostalería será unha rama importante á cal implicar no impulso do consumo dos doces tradicionais. Por último, coa pandemia os tempos mudaron e os nosos hábitos tamén o fixeron, neste ano a venda en liña medrou de maneira exponencial e os melindres, ricos e amendoados son uns produtos que se adaptan perfectamente a este tipo de venda e que poden supoñer unha ventá aberta na procura de amosar a repostería tradicional melidense ao mundo.

"Un proxecto vivo"

Xosé Iglesias, insistiu moito na importancia de que esta iniciativa é "un proxecto vivo en continuo movemento e que seguirá a medrar para que os ricos, melindres e amendoados cheguen a todos os recunchos do mapa e a xente sexa capaz de situar Melide". En definitiva, unha campaña para procurar que os doces tradicionais sexan símbolo e identidade da vila.

O Estado pretende acabar o tramo Melide - Palas de Rei no ano 2022

Tramo no que finaliza a A - 54 no municipio de Palas de Rei. /Foto arquivo

Dende a Secretaría de Estado de Infraestruturas sinalaron que quedaban dous tramos da Autovía, que une a cidade de Santiago de Compostela coa de Lugo, o traxecto de Arzúa a Melide e o de Melide a Palas de Rei. Con respecto a este último, dende o Goberno central afirman que as obras avanzan de xeito "rápido" e no que invirten "case dous millóns de euros por mes".

O secretario de Estado de Infraestruturas, Sergio Vázquez, manifestou que "houbo dificultades" vinculadas a aspectos do patrimonio cultural que causaron o "atraso" no avance das obras. A pesares disto, Vázquez prevé que o tramo Melide - Palas de Rei estea rematado no vindeiro ano 2022. Pola contra, dende a Xunta afirman que non será ata o ano 2026 cando se finalicen os traballos.

Ademais, o secretario de Estado, fixo fincapé na importancia de acabar estas obras, xa que esta autovía mellorará a conectividade da provincia de Lugo e permitirá que o percorrido entre a capital lucense e Santiago se realice "en menos dunha hora e en condicións de seguridade".

Unha vez finalizados estes traballos poderase chegar dende Melide a cidade da muralla en menos de media hora, ao igual que á capital galega. Un paso que supoñerá que a vila estea máis preto destas dúas cidades, o que permitirá unha mellor conectividade con elas. Son dous lugares cos que a poboación melidense ten moita relación, xa ben sexa por motivos de saúde, laboral ou estudos.

Actualmente, os traballos xa feitos na A - 54 permitiron abrir dende hai máis de dous anos os tramos que unen a vila de Palas de Rei a Lugo e de Arzúa a Santiago de Compostela.

O Concello adhírese ao programa “Camiños de Coñecemento e Experiencia” da USC

Cartel de presentación do Programa ‘Camiños de Coñecemento e Experiencia’ da USC. /Foto: Universidade de Santiago

O Concello de Melide, en colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela lanza unha nova iniciativa de participación cidadá a través do programa Universitario de Maiores IV Ciclo, dirixido a persoas de máis de 50 anos.

Este proxecto leva por nome “Camiños de Coñecemento e Experiencia”, trátase dun espazo de encontro e formación entre a administración local e a universidade, mediante o cal as persoas melidenses de máis de 50 anos que queiran participar desfrutarán da aprendizaxe en diversas áreas de coñecemento: historia, música e medio ambiente, entre outras.

A formación deste programa desenvolverase en sesións de 90 minutos no Edificio Multiusos da vila, en horario de tarde dende as 16:30 ata as 18:00 horas. As sesións que se van impartir serán expositivas, interactivas e prácticas que se concretaran en visitas e concertos. Estas actividades celebraranse os días 7, 9, 12, 13, 14 e 15 de abril.

As persoas interesadas poden inscribirse no Concello de Melide en horario de mañá de 9:00 a 14:00 horas ata máximo o vindeiro 31 de marzo.

Entre as temáticas desta programación están: achegar ao alumnado as fontes fundamentais que o historiador emprega á hora de investigar e construír a Historia, a importancia do mundo artístico musical e identificar as repercusións do cambio climático. Todos estes asuntos están ligados coa actualidade e permitiralles aos participantes das sesións ampliar os seus coñecementos nestes eidos e usalos na súa vida cotiá.

Reparados os danos do Cantón de San Roque

A empresa contratista das obras do Cantón de San Roque, reparou os danos acaecidos na contorna da praza en lousas de pedra, na suxeición de bancos e outras anomalías que poñían en perigo no uso das instalacións. Esta reparación fíxose mediante dita empresa por mor de estar en período de garantía.

Os danos, accedidos ás poucas semanas de finalizar a nova obra, foron reparadas sen ningún custo para as arcas municipais.

O arranxo deses imperfectos, nunha das localizacións máis coñecidas da vila, víñano reclamando dende hai un tempo, tanto o Concello de Melide como a oposición do Partido Popular.

A Xunta entregou chalecos reflectantes á Asociación de Mulleres Rurais Alecrín

Entrega dos chalecos reflectantes por parte de Gonzalo Trenor á Asociación Alecrín. /Foto: Xunta de Galicia

O delegado territorial da Xunta de Galicia na provincia da Coruña, Gonzalo Trenor, fixo entrega de 485 chalecos reflectantes para as súas asociadas. Este material permitiralle, ás mulleres da asociación, facer de maneira máis segura rutas de sendeirismo e andainas, unha das actividades que organizan a miúdo polos camiños da localidade.

Gonzalo Trenor destacou que o goberno galego segue traballando na “sensibilización e concienciación”, sobre todo dos usuarios e usuarias máis vulnerables das estradas. Estas pezas son fundamentais para axudar a previr atropelos.

Ademais, dende a Xunta fan fincapé na importancia de que a veciñanza, especialmente a das zonas rurais como é Melide, se familiarice co uso dos chalecos reflectantes. Un material que pode salvar vidas se se empregan cada vez que se transite pola beira dunha estrada das vilas do rural.

Todos os veciños e veciñas melidenses deben cumprir rigorosamente as novas de seguridade vial e circulación polo ben de peóns e condutores.

O Río Furelos preparado para a nova tempada de pesca fluvial deste ano

Imaxe da xornada de preparación. /Foto: Asociación de Troiteiros Río Furelos

Durante o día festivo de San Xosé membros da Asociación de Troiteiros Río Furelos aproveitaron a xornada para deixar todo preparado para a nova tempada de pesca fluvial, que comezaba o pasado domingo 21 de marzo en toda Galicia.

Os troiteiros do Río Furelos colocaron carteis do coto de pesca e puxéronos de maneira visible en todos os puntos nos que están situados, como punto de información necesario para os pescadores e pescadoras que se acheguen ata o río melidense a desfrutar dunha xornada de pesca.

O presidente da asociación, Xavier Pazo, afirma que “a maior satisfacción é que os nosos maiores poidan pescar tranquilamente” durante a tempada no Río Furelos. Ademais, débese recordar a importancia de manter o Furelos o máis limpo posible e isto é tarefa de todos e todas.

Arrinca o programa Xantar na Casa

O Concello de Melide, a través da Concellaría de Política Social, pon en marcha o servizo de Xantar na Casa. Unha iniciativa social de atención nutricional que está dirixido a persoas maiores e ao colectivo de persoas en situación de dependencia.

Os obxectivos principais deste programa son: proporcionar ás persoas beneficiarias unha alimentación de calidade e nutritiva, atendendo cada caso de maneira individualizada, personalizada e profesional; evitar a deterioración da calidade de vida das persoas beneficiarias, por ter unha dieta inadecuada e previr situacións de risco que se poidan producir no proceso de preparación e elaboración da comida; e por último, este servizo tamén pretende facilitar un respiro ás familias e aos coidadores, e impulsar unha serie de medidas de apoio á conciliación da vida familiar e laboral, facendo un seguimento personalizado de cada situación por parte dos profesionais que interveñen no servizo.

A corporación municipal na presentación do Xantar na Casa. /Foto: C. Melide

A concelleira de Política Social, Carmen Liñeira, sinala que "é gratificante poñer en marcha un servizo que garante a cobertura das necesidades básicas dos nosos veciños e veciñas".

Ademais, dende o departamento de asuntos sociais fan fincapé en que xa están "traballando para que máis veciños e veciñas sexan beneficiarios da iniciativa". Para todas aquelas persoas que vivan no concello de Melide e queiran participar no Xantar na casa teñen que poñerse en contacto cos servizos sociais melidenses no teléfono 981 50 57 06 para realizar a súa tramitación.

Posibilidade de poñer en marcha o servizo de madrugadores

Nunha entrevista na emisora local, Liñeira confirmou que están estudando a posibilidade de poñer en marcha, para o vindeiro curso, o servizo de madrugadores nas tres escolas da vila. Unha vez máis, a concelleira, fixo fincapé no obxectivo de axudarlle ás familias melidenses a conseguir unha boa conciliación entre o ámbito laboral e o persoal.

Para conseguilo estanse realizando numerosas reunións coas directivas dos centros educativos e coas asociacións de pais e nais. Este servizo daríase entre as sete e media da mañá e ata a hora de entrada nas escolas.

A Deputación flexibiliza o pagamento do IBI e o IVTM

Edificio da Deputación da Coruña. /Foto de arquivo

A Deputación da Coruña vén de anunciar que o pagamento dos tributos municipais de cobro cíclico como son: o imposto de bens inmobles (IBI) e o imposto de vehículos de tracción mecánica (IVTM) poderán dividirse en dez mensualidades anuais. Ambos impostos están xestionados pola Área Tributaria da institución provincial.

O presidente da Deputación, Valentín González Formoso, afirmou que é unha maneira de "pretender dar as maiores facilidades á cidadanía para atender as súas obrigas tributarias" nun contexto de dificultades económicas causado pola pandemia.

Ata o momento, o pago dos impostos de cobro periódico, como son o IBI e o IVTM, só podía realizarse nun único prazo.

Coa finalidade de facilitar o cumprimento das obrigas tributarias, establécese este sistema especial de pago de cotas por recibo que permitirá a quen se acolla flexibilizar os ingresos correspondentes ao período voluntario. Desta maneira, poderá dividir o pago en dez meses a partir do ano 2022.

As e os contribuíntes interesados en acollerse a este plan deberán presentar a súa solicitude antes do 30 de abril a través da web ou nas institucións.

Ademais, Formoso fixo fincapé en que o goberno provincial implementou "numerosas medidas para facilitar aos contribuíntes o pago dos impostos municipais".

O GDR priorizará os proxectos que recuperen terreos agrarios

Reunión do GDR Ulloa, Tambre, Mandeo. /Foto arquivo

O Grupo de Desenvolvemento (GDR) Ulla - Tambre - Mandeo, que abrangue un territorio de actuación que acolle as comarcas da Terra de Melide e Arzúa, no reparto dos fondos europeos que xestiona para a dinamización económica desa zona, prioriazará os proxectos que repercutan na recuperación da terra agraria en estado de abandono. A xuntanza da entidade tivo lugar a finais de marzo para abordar o que supón unha modificación na súa estratexia de desenvolvemento rural que segundo apuntan, "está a desenvolver novas ferramentas para poñer en valor a terra agraria: aldeas modelo e polígonos agroforestais, entre outros".

Ademais, dende o GDR afirman que a valorización das especies autóctonas e a promoción dos usos alternativos do monte é un dos seus principais obxectivos.

Trasladada ao clínico unha melidense tras ser atropelada

Unha veciña do Castiñeiro foi trasladada ao Hospital Universitario de Santiago de Compostela tras ser atropelada por un familiar no garaxe da súa vivenda.

O accidente ocorreu o pasado doce de marzo arredor das tres da tarde cando un familiar directo da vítima se dispuxo a sacar o coche do garaxe e nunha manobra marcha atrás o vehículo alcanzouna. A persoa atropelada, unha muller maior, estivo consciente en todo momento pero sufriu danos de consideración nunha perna, polo que tivo que ser trasladada ao hospital compostelán.

A central de emerxencias do 112 mobilizou de inmediato a Urxencias Sanitarias de Galicia e levou á muller ao centro sanitario para prestarlle a atención requirida. Ao lugar dos feitos tamén se desprazaron efectivos da Policía Local de Melide e varios integrantes de Protección Civil.

Melindres
de Melide

Ricos
de Melide

Melindres
de Melide

Amendoados
de Melide

Esther & Cris Conde

FLORISTAS



TODO TIPO DE ARRANXOS FLORAIS PARA CALQUERA EVENTO E OCASIÓN ESPECIAL

Taboada Roca, 4 - Baixo
15809 MELIDE
* 881 819 101
* strelitziafloristas@hotmail.com

in3
intrès
FOTOGRAFÍA melide

www.floristeriamaru.es
floristeria.maru@gmail.com
Floristería Maru / María Cabado

Floristeria MARU

"Siempre hay flores para aquellos que desean verlas"
(Henri Matisse)

Rúa do Convento, 9
15800 · A Coruña
Tlfns. 981 50 75 80 / 607 50 75 79

• Produtor de toda clase de flores

• Tamén preparamos:
ramos de noiva, ramos,
palmas, centros, coroas, etc..

• Estamos ao seu servizo en:
R/ Amador Rodríguez, 7
Tfnos: 981 50 61 64 / 981 50 59 86
666 49 38 49 / 666 49 38 50

Floristería Tarrío

Flor 10

Teleflora

Melide

Regala flores polo Día da Nai

O Concello convoca o I Premio de Relato Curto en Prol da Igualdade

Parte da cartelería do I Concurso de Relato Curto en Prol da Igualdade /Foto: Concello Melide

O Concello de Melide convoca o I Premio de Relato Curto en Prol da Igualdade, co obxectivo de sensibilizar á poboación sobre a igualdade real entre homes e mulleres. Unha actividade recollida dentro da programación que a administración local realizou para conmemorar o 8 de marzo.

A temática da narrativa debe estar relacionada coa muller en calquera das súas facetas: intimista, laboral, familiar, violencia de xénero, entre outras. Outros dos requisitos para que o relato entre a participar no concurso son: estar escrito en lingua galega e contar cunha extensión mínima de cinco folios e máxima de dez.

Os premios serán tres: o do gañador ou gañadora, de 350 euros; para a persoa que acade o segundo posto, de 200 euros; e un terceiro de 150 euros.

A data límite para presentar os traballo literiarios é o vindeiro 2 de maio.

Ademais, o Concello vén de facer público as gañadoras do concurso de Tick Tock, 'Racha cos estereotipos de xénero': as usuarias da conta @pevi28_e e @el.establo.de_jean, que levaron o altofalante sen fíos e os auriculares.

A veciñanza de Melide xa ten os novos composteiros

Alumnado do IES de Melide. /Foto de arquivo

A mediados do mes de marzo, o Concello de Melide fixo entrega dos composteiros á veciñanza participante na campaña de compostaxe doméstico.

Unha iniciativa que ten por obxectivo aprender a usa e a fabricar compostaxe. Un acto, celebrado no Centro Sociocultural Mingos de Pita, no que se explicou como empregar os contedores deseñados, especificamente, para transformar os residuos orgánicos que se xeran en todos os fogares, como restos de comida ou pólas de árbores, en abono natural.

En total, segundo o concelleiro de participación cidadá, José María Santín, repartíronse entre trinta e corenta composteiros, nunha campaña medioambiental que tivo "moi boa acollida por parte dos veciños e veciñas". Unha aposta que ten como finalidade reducir os residuos nos domicilios da vila e loitar con forza fronte ao cambio climático.

Roval JOYERÍA JR

SARGADELOS
DESEÑO - CULTURA - HISTORIA - CALIDADE

"Día da Nai"
2 de maio

Regala a quen máis queres

Novos tempos · Nova tenda · A mesma ilusión

Alexandre Bóveda, 12 - Melide (A Coruña) · Tlfs.: 981 50 54 31 - 650 076 862 · joseroval@mundo-r.com

A Deputación adxudica a construción dunha senda peonil na vila de Toques

A Deputación da Coruña adxudicou por 92.267 euros o proxecto para a mellora da seguridade viaria na DP-4604 ao seu paso por A Zarra, A Barxa e Souto, no concello de Toques.

As obras contan cun prazo de execución de cinco meses e permitirán construír unha senda peonil de 1,8 metros de ancho na marxe dereita da estrada DP-4604 no recorrido polas parroquias de A Zarra, A Barxa e Souto. Este camiño unirase coas beirarrúas existentes en ambos extremos. O firme contará cun solo de cemento e será accesible para todas as persoas.

Ademais, incluirase no proxecto a prolongación da senda existente na marxe dereita da travesía do Souto entre os puntos quilométricos 7+479 e 7+585. Para estes traballos empregarase pavimento continuo de formigón coloreado que contará cun ancho de 2 metros, similar á actual beirarrúa. A iniciativa tamén inclúe a execución dunha rede de recollida de pluviais nas zonas nas que sexa preciso.

Tramo da estada DP - 4604, no concello de Toques. /Foto: arquivo

O presidente da Deputación da Coruña, Valentín González Formoso, e o alcalde do municipio, Miguel Ángel Buján, visitaron a zona na que se van realizar as obras e destacaron a necesidade de "incrementar a seguridade para os peóns nunha zona que conta con vivendas a ambas marxes da estrada e que precisa dunha renovación moi demandada para adaptarse á realidade das persoas que transcorren por ela". Uns traballos que farán este tramo máis seguro para a veciñanza.

O PP de Santiso insta ao Concello a rebaixar o IBI

Casa do Concello en Arcediago, Santiso. /Foto: arquivo

O municipio de Santiso foi un dos escolmados, dentro da provincia da Coruña, para realizar unha revalorización catastral, tan só cinco anos despois da última regularización.

A voceira popular, Matilde Pallares, manifesta que "por se o ano da pandemia non fose suficiente tanto no eido sanitario como económico, a veciñanza de Santiso foi notificada dunha revalorización catastral que afectará a preto de 4.000 parcelas e supoñerá un aumento da recadación do IBI do 50% xunto cos catro anos de atrasos".

Os populares da localidade esíxenlle ao alcalde, Manuel Adán, que explique a que se debe esta regularización, xa que non se realizou ningunha modificación no PXOM e pídenlle de maneira reiterada ao goberno local que "solicite ao Ministerio de Facenda unha moratoria para a aplicación destes valores en Santiso".

C/ RONDA DE CORUÑA, 16 · MELIDE (E-15-001258)
981 50 60 97
ALAIN AFFLELOU
Descubre más en afflelou.es

Un impulso para o turismo fluvial en Santiso

Dende o departamento de Turismo da Deputación da Coruña teñen previsto realizar un programa piloto a raíz do cal se poñerá en marcha o servizo de catamarán nas augas do río Ulla e no embalse de Portodemouros. Este proxecto que se poderá levar a diante, sempre e cando os resultados sexan favorables, espérase que sexa o inicio "dun programa máis amplo que aposte polo turismo fluvial, un ámbito que está de moda en destinos como Francia ou o Canal da Mancha, e que pode ser de especial interese nun territorio como o noso", comentaba o vicepresidente e responsable de Turismo, Xosé Regueira.

Vista do embalse de Portademouros. /Foto arquivo

Galicia é unha comunidade autónoma cuns ríos de gran riqueza con diversos e múltiples recursos naturais, patrimoniais, históricos e deportivos o que pode supoñer un valor engadido para atraer e impulsar o turismo fluvial. Esta iniciativa afectaralle aos nove municipios coruñeses polos que pase o río Ulla como é o caso de Santiso.

Este programa piloto non ten, aínda, marcados os tempos pero dende a vicepresidencia da Deputación da Coruña destacan que "xa se iniciou o expediente para licitar por uns 100.000 euros a construción de tres catamaráns, cunha capacidade para seis ou oito persoas", entre os que se atopa o que ofrecerá servizo nas augas do Ulla e con unha alta probabilidade no embalse de Portodemouros, grazas ás súas excelentes condicións para navegar.

Unha vez que estea adxudicada a construción destas pequenas embarcacións, o prazo de execución será duns seis meses. Ademais, segundo indicou Xosé Regueira, estes catamaráns "contarán cunhas características especiais de seguridade e conservación do medio ambiente, e tamén de flexibilidade no uso". Unha boa oportunidade para dar a coñecer o concello de Santiso e os seus arredores a través dun turismo responsable co entorno e a natureza.

Múltiples actividades ao aire libre nos centros educativos da comarca

Alumnado da escola de Santiso na actuación do mago. /Foto: CEIP Arcediago

Ao longo da segunda quincena do mes de marzo, os centros educativos dos municipios de Santiso e Toques celebraron múltiples actividades ao aire libre nas que o alumnado puido desfrutar e aprender dun xeito diferente.

Por unha banda, en Santiso o Concello organizou a visita dun mago para converter o patio da escola de Arcediago nun espazo cheo de maxia e diversión.

Por outro lado, os nenos e nenas de 4º, 5º e 6º do CEIP de Toques realizaron un roteiro ata a Casa de Atá para coñecer ese entorno natural e fermoso que teñen tan preto do seu centro educativo. Deseguido, subiron ata a Capela nunha travesía dificultosa por mor dunha pronunciada costa, pero onde puideron ver o monumento histórico artístico que se agocha naquela fraga autóctona e multitude de elementos naturais.

Os encargados de acompañar ao alumnado foi o persoal do Museo da Terra de Melide, que aproveitou para explicarlles, entre outras cousas, o muíño de Atá, as corredoiras antigas, a xeoloxía e xeomorfoloxía, a lenda da Casa dos Escribanos e a orixe do mosteiro de San Antoíño.

Seguen as axudas para o fomento da natalidade

Un cativo na Galiña Azul de Sobrado. / Foto de arquivo

O Concello de Sobrado dá continuidade ás axudas á natalidade e ao asentamento en pleno da Organización Reguladora.

As subvencións van dirixidas ás unidades familiares que teñan ou adopten unha nena ou un neno. Con estas axudas a administración local pretende aportar o seu gran de area no comezo da vida dos fillos e fillas da veciñanza, e tentar conseguir así un aumento dos nacementos no municipio.

As contías van desde un mínimo de 500 ata un máximo de 700 euros, en función da situación na que estean os solicitantes.

As familias interesadas en solicitar estas axudas poderán facelo durante todo o ano na casa consistorial durante todo o ano. Iso si, polo menos un dos proxenitores deberá estar empadroado en Sobrado.

En Sobrado organizaron a busca do ovo de Pascua

Cartel da actividade. / Foto: Concello de Sobrado

O Concello de Sobrado organizou durante os días, 1, 2, 3 e 4 de abril, unha busca do ovo de Pascua.

Esta actividade dirixíase á veciñanza do municipio de entre 3 e 16 anos, no caso dos máis cativos e cativas acompañadas das súas familias. Durante catro xornadas, dende o Facebook oficial da administración local foron deixando pequenas pistas para atopar o lugar onde o coello de Pascua agochou os ovos de chocolate.

Os gañadores e gañadoras da iniciativa foron os que primeiro conseguiron localizar o sitio no que se esconderon os ovos. Para demostrar que foron os máis rápidos en descubrilo tiveron que enviar unha fotografía por WhatsApp a un número de teléfono habilitado polo Concello.

Os premios foron un ovo de Pascua para os vencedores de cada día.

O Museo da Terra de Melide ve unha oportunidade cultural e de lecer na recuperación dos camiños históricos

Camiño melidense con carballeiras a ambos lados. /Foto: La Voz de Galicia

O Museo da Terra de Melide considera que sería unha oportunidade de gran proveito e rendibilidade a recuperación dos vellos camiños de alto valor históricos. Un exemplo disto é o itinerario do Camiño Real que comunicaba A Coruña con Ourense, ata a construción da actual estrada no ano 1867, durante o reinado da raíña Isabel II.

Ademais, da recuperación das súas variantes como son o Camiño das Cabadas, documentado como variante do Real, ou tamén o vello traxecto existente entre Castro e Trasmundi, cuxo tramo transcorre polo medio dunha fraga de carballos centenarios. Dende o museo entenden que estes camiños son "unha oportunidade de proveito que se está a desenvolver noutras zonas da xeografía galega co notable éxito".

Para levar a cabo este proxecto deberíanse "sinalizar os trazados, colocar paneis explicativos e tamén recuperar o arborado autóctono orixinal que se está a perder, en gran medida, debido ás actuacións de plantacións de eucalipto que chegan a suprimir as frondosas caducifolias por plantacións novas de especies alóctonas", afirman dende a institución cultural melidense.

Como consecuencia destas accións de recuperación dos viais históricos existentes no municipio, Melide tería unha óptima oportunidade de lecer, biosaudable, cultural e mesmo turística.

Algúns dos camiños máis coñecidos nos que poñer en marcha esta iniciativa son: o Camiño Real da Coruña a Ourense, que atravesaba polo río Ulla polas vellas pontes da Cornella e de Mourazos; o traxecto que cruza a Serra do Bocelo, en cuxo trazado existe unha das máis destacadas necrópoles megalíticas existentes na Dorsal Galaica.

O persoal do Museo da Terra de Melide, fai fincapé na existencia dos múltiples e diversos "recursos patrimoniais cos que contamos, mais resta apostar por eles, que de seguro vai ser unha oportunidade de riqueza e de escaparate do que somos e podemos ofrecer". Un valor engadido para a vila e para a veciñanza.

O IES melidense celebra un certame fotográfico para alumnado e persoal

Cartel do Certame Fotográfico do IES de Melide. / Foto: IES de Melide

O Instituto de Educación Secundaria de Melide convocou un concurso de fotografía, no que poden participar: alumnado, profesorado e persoal non docente. Un certame pensado en todas as persoas que forman parte do centro educativo melidense.

O título que leva esta actividade reflexa, moi claramente a súa temática, 'Os ríos que nos unen'. O obxectivo desta iniciativa é "compartir as imaxes participantes dos nosos ríos cós socios do Proxecto Europeo Erasmus+ LivingRiver de Rumanía, Turquía e Portugal", tal e como sinalan dende o IES.

Para concursar neste certame chega con sacar unha fotografía a algún dos ríos da comarca da Terra de Melide e arredores, en formato horizontal e de máximo 10 Mb. Unha vez feita a imaxe, débese adxuntar no formulario, posto na páxina do instituto:edu.xunta.gal/centros/iesmelide/, e poñerlle un título creativo e unha breve descrición en galego e nunha segunda lingua, que pode ser: francés, portugués ou inglés.

Arrincan as competicións para a Escola Ayude

O equipo de Escola Ayude na primeira competición. /Foto: Escola Ayude

A mediados do mes de marzo arrincaba a tempada para a Escola Ayude coa participación na primeira competición autonómica nun ano. O alumnado deste centro deportivo acudiu ao Polideportivo de Santa Isabel en Compostela para competir na I Copa galega de Loitas Olímpicas, onde reuniron á mellor representación desta disciplina a nivel autonómico. Entre os grandes competidores, estiveron presentes: Nerea Iglesias, que se fixo co ouro; a debutante Alina Granidaru na categoría absoluta que tamén acadou o alto do podio; e por último, Miguel Quintela que deixou abraiados a todos e a todas coa súa participación nunha categoría superior á súa, que foi superándose así mesmo e ao seus rivais, conseguindo a terceira posición na competición por clubs.

Ademais, o alumnado deste centro deportivo acadou a clasificación para competir no campionato de España de escolar, cadete e Sub23.

O chamado "esperpento" en Toques, era un túmulo funerario

Lápida posterior na tumba de Manuel Baamonde. /Foto: X. Manuel Ferro Prieto

No CERNE de xaneiro deste ano 2021 (núm. 179), páxina 22, sección: "O Cerne hai 15 anos", rememórase unha nova referida a Toques, relativa á sepultura de Manuel Baamonde, veciño do concello e coñecido como "Manuel do Roxo", que morreu nunha residencia de Oleiros (A Coruña) e foi soterrado no adro de Vilamor.

A nova que este periódico ven de rememorar saíu publicada na portada daquel número de xaneiro de 2006 co titular: "Esperpento", para referirse á formalización do referido acto funerario. Dita expresión foi excesiva e pouco axeitada, considerando o que aconteceu realmente, segundo o que subscribe, testemuña dos feitos.

Cualifícase de "Esperpento" as lousas de pedra apiadas (foto do xornal), que foron colocadas enriba da sepultura de "Manuel do Roxo" por decisión de Don Benigno, o párroco de Vilamor, cun criterio ben-intencionado e tamén improvisado para sinalar a tumba na terra, dun home sen familia nin panteón. Foi Don Benigno quen atendeu ao finado nos seus derradeiros anos, nos que tivo conta del, visitouno na residencia de Oleiros na que estaba internado e, finalmente, trouxo os seus restos para a parroquia natal, onde lle fixo un soterramento humilde e respectuoso, tendo en conta os medios dos que dispoñía o caritativo párroco.

En 2007, un ano e pico despóis, cun novo goberno en Toques do que formei parte, encargouse dende a Corporación municipal unha lápida de canteiría tradicional que foi colocada en substitución daquelas lousas que sinalaban a tumba, como se fose un túmulo funerario castrexo, nunha actuación primitiva pero agarimosa do párroco de Vilamor.

Distintas culturas do mundo, incluídos os nosos antergos celtas, usaron o apiamento de pedras para sinalar os soterramentos, (dolmens). As sepulturas individuais, rodeadas o cubertas de lousas, foi unha tradición usada en toda Europa dende o período Neolítico. Hoxe en día é un feito insólito, pero cualificalo de "esperpento" é obviar a nosa historia antiga.

Esta nota so pretende recoñecerlle a Don Benigno Mella a dedicación, respecto e xenerosidade para co veciño finado da súa Parroquia.

X.Manuel Ferro Prieto

Corazón de tinta

Alumnado do IES Melide

Unha viaxe no tempo

Un día tiven un soño apaixonante... Nel, aparecía eu mesma de pequena, tería oito ou nove anos, e tamén aparecía a mellor persoa que a vida me puido dar, a miña avoa Loli.

Atopabámonos na casa da aldea, en Santiso, e era unha escena moi típica.

Eu, sentada na entrada da casa, e ela contándome unha das súas entretidas historias, mentres que de fondo soaba música flamenca.

De súpeto, eu comecei a contarlle todos os meus soños e todas as cousas que quería lograr na miña vida, algunhas delas máis complicadas ca outras. E, sobre todo, díxenlle que oxalá puidese chegar a ser algún día tan forte e valente coma ela.

Para a miña sorpresa, ela sacou un álbum de fotos, no que nos somerxemos as dúas por arte de maxia, e comezou a explicarme o que estaba a suceder... era unha viaxe no tempo!

Comezamos a pasar por diferentes etapas, e ela foi explicándome que a que saía nesas imaxes era eu nun futuro, e realmente estaba conseguindo todos eses soños que había só uns minutos contara: tocar un instrumento, poder montar a cabalo, vencer case todas esas inseguridades...

Tamén tiven a oportunidade de ver esa nena sendo tan feliz con persoas que despois a vida lle quitaría e deixando atrás etapas que consideraba imposibles de superar.

Foron pasando por diante de min moitos máis momentos, ata que miña avoa me dixo que o tempo se acabara e, como se non sucedera nada, volviamos estar as dúas alí sentadas, regresando á realidade, como por sorte segue sendo hoxe en día.

Xusto despois, soou a alarma e outro novo día comezaba, xa tiña que marchar para a escola... era tardísimo!

Alba Ramos, alumna de 1º de bacharelato

Vivir sen ti

xa non estás
penso en ti
segues sen estar

dóeme lembrarte
pero non vas volver
ou igual si

dende que ti marchaches
aquí pecharon os bares

deixamos de ver sorrisos
pola rúa
tampouco nos xuntamos

agora todos falan de ti
bótante de menos
eu tamén o fago
xa non estás pero queremos que esteas

Lara López Sánchez, alumna de 2º de bacharelato

Os sabios que nunca leron

O discurso fácil e esperable para un artigo sobre "os libros" no mes dos libros ten que falar sobre o importante que é fomentar nos nenos a lectura dende ben pequenos; incluír libros entre os agasallos de Nadal e de aniversario, e que vexan aos pais e ás nais como grandes lectores para que prenda neles a semente da lectura.

Pero o mundo está cheo de excepcionalidades, de discursos alternativos e de caras b, incluso para temas coma este que parece non ter volta de folla. Está tan ben visto ser un bo lector, e falar de libros, dos libros que lemos e dos autores -aos que cualificamos coma se os coñecésemos de ter xantado con eles-, que parece que se creou unha nova clase social que distingue aos amantes das letras da xente que nunca le libros. Coma se fosen unha casta inferior.

Ninguén pon en dúbida as aportacións positivas da lectura, que son, cando menos, estas: o enriquecemento do vocabulario; as viaxes a outros mundos e outras realidades sen moverse do sitio nin do tempo; o incremento da capacidade de imaxinar; o sosego; as propiedades curativas para a alma en estados de desacougo, se damos co libro adecuado; a evasión do noso día a día, se o que lemos nos envolve na súa historia; a aprendizaxe de novas realidades cando se trata de non ficción, e os libros volven ser, condensadas, as vellas Larousse, que sucumbiron ao imperio de Google. E así, seguramente, poderiamos enumerar varias ducias de cousas boas que nos dan os libros e o costume de lelos.

Non obstante, por esta teima natural de achegar sempre algún ramalazo a contracorrente, tamén estaría ben falar desa estigmatización das persoas que non len -polas razóns que sexan- e que en moitos círculos son sutil ou descaradamente excluídas, coma se fosen intelectualmente inferiores.

Xerará debate -sempre positivo, nunca negativo, ao revés do que dicía o outro-, pero tendo claro o bo que é ler, tamén habería que ter claro que non hai nada de inferior na xente que non ten ese hábito. Porque poucas cousas hai que teñan unha orixe tan xenética coma o costume de ler, e ninguén escolle a súa herdanza. Hai familias que nunca leron, pero que fomentan que os seus fillos e fillas o fagan: estanlles transmitindo un legado que non tiveron, pero que soñaron. Herdanza da boa.

Fai anos, cando se levaban as vacas a pacer polos arredores, caía como moito nas casas un exemplar da revista Selecciones ("Selecciones Reader's Digest), ou unha revista de San Antonio ("El pan de los pobres"), e convertíanse en literatura fina. Eses lectores, hoxe nosos pais ou avós non recibiron a herdanza da lectura, mais non por iso son menos vividos, menos expertos, menos doctos.

Pero, coma con todo, os que temos a sorte de herdar o gusto ou a oportunidade de abrir un libro e, a través del, viaxar, deberiamos aproveitala, e sacar partido do soño.

Vanesa de Quinzán

ESTE MES *LATEXO LOGOPEDIA* CÓNTACHE...”

A LOGOPEDIA NOS BEBÉS PREMATUROS

Cristina Fernández Barros
Nº col. 15/0099

latexo
logopedia
Rúa Rosalía de Castro, 3 Melide
Teléfono: 642 007 210

Que os bebés tamén poden precisar da intervención dunha logopeda. Máis aínda no caso de bebés prematuros (menos de 37 semanas de xestación) e grandes prematuros (menos de 29 semanas de xestación), que aínda non están preparados nin a nivel muscular nin cerebral para a complicada tarefa de coordinar entre a succión, a respiración e a deglutición.

No Estado Español, cada ano nacen 28 mil bebés de forma prematura, o que supón 1 de cada 13 nacementos, sendo unha das taxas máis altas de Europa (cifras proporcionadas pola Asociación de Pais de Nenxs Prematurxs-APREM). Ademais, o número de nacementos pretérmino aumentou un 36% entre 1996 e 2013 (datos do INE). Non obstante, este dato contrasta coa cantidade de logopedas presentes no servizo de neonatoloxía, onde apenas temos presenza. De feito, en Galiza, as logopedas que fan intervención na unidade de UCI neonatal, son apenas un par delas e incluso, nalgunha das áreas sanitarias galegas nin sequera existe a figura da logopeda para facer intervención ningunha.

O papel da logopeda na UCI neonatal será de vital importancia xa que debe valorar e controlar, estimular e intervir para asegurarse de que a coordinación entre succión, respiración e deglución sexa a adecuada, sendo esta coordinación relevante para a alimentación e a supervivencia en si mesma. Primeiro, fará unha exploración dos reflexos orais (busca, succión, mordida e vómito), da forza e do ritmo de succión do bebé e da coordinación entre succión-respiración-deglución durante unha das tomas. Despois, buscará o equilibrio entre a musculatura orofacial e as funcións implicadas. A estimulación sensoriomotora oral (coñecida coas siglas ESMO) será a terapia máis utilizada nestes casos. Esta consiste, a groso modo, na estimulación da musculatura oral e a propiocepción sensitiva, mediante masaxe facial e no adestramento da succión non nutritiva (SNN) para a exercitación das estruturas (succión no dedo ou no chupete). Buscarase un adecuado desenvolvemento músculo-esquelético do prematuro, constituíndo o punto de partida para procesos máis complexos e repercutindo de forma positiva sobre a succión nutritiva (no peito ou biberón). A logopeda deseñará un programa individualizado e específico para cada bebé que precisará da implicación do equipo de enfermaría que leve o caso para conseguir avances.

É unha tarefa digna de “superpoderes”, xa que non é fácil xestionar a frustración das familias nin enfrontarse á UCI. Desinfectar e enluvar as mans para metelas nunha incubadora e sumerxirse nese micromundo, buscando mellorar a súa calidade de vida e aumentar a supervivencia. Sempre coa sensación da responsabilidade non só coa pequena vida que hai dentro da incubadora, senón coa deses pais que serán asesorados e adestrados para que a situación mellore.

Unha vez rematada a estancia hospitalaria, pode seguir sendo necesario o traballo da logopeda, e precisará tamén a implicación da propia familia, creándose un vínculo importante entre a profesional e a familia que axudará ao éxito na terapia. De aí a importancia de buscar persoal especializado para a tarefa a realizar e ter confianza no que esa profesional estea a facer.

JUAN LOUREIRO, MEYPA INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS

“Nos sectores relacionados coa construción non hai relevo xeracional, falta mocidade no oficio”

O destino levou ao socio, protagonista da principal entrevista do Cerne deste mes, a dedicarse ao sector da electricidade. Un oficio no que o relevo xeracional se percibe moi complexo, a mocidade actual prefire outras profesións. Pola contra, coa da pandemia, cada vez valoramos máis a comodidade e o benestar do noso fogar e son persoas coma Juan os encargados de facelo posible co seu traballo.

Juan Loureiro, responsable de Meypa Instalacións Eléctricas, o día da entrevista. /Foto: Cerne

- Cando tiveches claro que o teu era o mundo da electricidade?

- Juan Loureiro (J.L): Pois foi cousa do destino, das escollas que había no IES do Camiño en Palas de Rei, a miña primeira opción era estudar o ciclo de formación profesional de informática que era o que máis me gustaba. Porén, xa non quedaban prazas e entón, a miña segunda preferencia era a electricidade. Creo que foi unha boa decisión, estou contento. Ademais, no meu traballo máis habitual procuro realizar tarefas moi ligadas ao eido da informática. Un exemplo disto é a programación e instalación de sistemas de domótica.

- A túa empresa está moi vencellada a ofrecer servizos relacionados coas enerxías renovables, como son os paneis solares.

- (J.L): Efectivamente. Realizamos o estudo previo e a instalación de enerxías respectuosas co medio ambiente.

- Que beneficios teñen para os consumidores instalar este tipo de enerxía?

- (J.L): Eu á clientela móstrolles sempre estas instalacións como unha inversión. Por exemplo, no caso da enerxía solar, os paneis teñen unha vida útil de aproximadamente uns vinte anos. Ao longo deses anos, hai estudos que afirman que cun gasto de 6.000 euros se consegue arredor dun 14% de beneficios ao ano, entre o que che aproban de axuda as administracións e o aforro enerxético acadado. Nunha entidade bancaria, por ter alí os teus cartos non che dan nin o 2%.

- Hai moita demanda deste tipo de servizos?

Máis que demanda diría que hai moita curiosidade. A xente pregúntache moito por este tipo de enerxías limpas pero á hora de decidirse son poucas as persoas que se lanzan a poñelas. Nesta zona temos unha mentalidade máis ben pechada, con medo ou desconfianza cara o novo. Penso que hai xente que segue pensando que está vixente o “imposto ao sol”, cando xa se derrogou no ano 2018, e iso tamén lles dá para atrás, xa que é como unha penalización ou gasto a maiores para as persoas que teñen este tipo de sistemas de electricidade. Logo, tamén hai clientela que cre que enerxías, como a solar, só funciona no sol ou en lugares de moita calor e bo tempo. Pola contra, isto non é certo, en Galicia este tipo de instalacións como son os paneis solares funcionan á perfección.

- E o coche eléctrico?

- (J.L): Ao vehículo eléctrico pásalle o mesmo que falabamos coa enerxía renovable do sol. As persoas non apostan aínda firmemente por el, pero creo que neste caso tamén moito é culpa das administracións. Á hora de comprar un coche eléctrico, se ti non tes puntos onde recargarlle a batería nada máis que na túa casa non te están animando moito a facelo. É como se non houbese gasolineiras. Por esta razón, penso que é moi necesario poñer moitos máis puntos preparados para recargar os vehículos eléctricos. Dende Melide ata Santiago só hai un sitio onde se pode facer, que é na estación de servizo de Arzúa. En cambio, na vila hai varios coches deste tipo e só os poden cargar na casa. Polo tanto, a xente está moi interesada neste tipo de transporte pero tendo esas limitacións son moi poucos os que deciden compralos.

- Como xurdiu a idea de traballar con este tipo de enerxías?

- (J.L): É un dos ámbitos da electricidade que máis me gusta e interesa, traballei bastante tempo en solar e en eólica.

- Tamén instalas alarmas e cámaras de seguridade en domicilios.

- (J.L): Si, por non estar sempre poñendo enchufes (risas). Hai que intentar que o traballo sexa o menos monótono posible e cantos máis servizos poidas ofrecer máis fácil é. A maiores, este é un eido que está moi vencellado coa tecnoloxía e a informática, polo que desfruto bastante facéndoo. Hoxe en día hai moitas posibilidades e modelos de cámaras e alarmas, podes ver o que pasa na túa casa dende o teléfono e gravalo, detectar o movemento e ata identificar e ler a matrícula dun vehículo. É un mundo moi amplo, con moitas novidades e posibilidades.

- Como che afectou a pandemia no traballo?

- (J.L): O ano pasado é verdade que a cousa estaba máis parada. Pola contra, este 2021 está sendo un período de bastante traballo, se segue así vai ser bo. O confinamento fixo que empezásemos a notar algunha carencia que tiñamos na casa e tamén nos cambiou os hábitos de reunión coa familia e os amigos. Unha das tarefas que máis me están demandando nestes meses é ampliar os comedores, facelos máis grandes e cómodos para reunirse a xente con máis seguridade. Isto foi algo que nolo ensinou a pandemia.

- Notas que hai relevo xeracional no teu oficio?

- (J.L): Non, para nada, non o hai. Pero non só é no da electricidade é en todos os relacionados coa construción. Non sei se é que a mocidade pensa que é un traballo duro e complicado pero non se animan a formarse neste sector. Fai pouco tempo, estiven buscando xente para traballar nunha obra grande de instalación de paneis solares e non conseguín atopar a ninguén con algo de preparación para realizar este traballo. Neste tipo de tarefas non podes poñer a alguén que non teña nin idea, é imprescindible ter un mínimo de formación porque é un risco. En definitiva, é un eido no que hai traballo pero non traballadores.

Meypa Instalacións Eléctricas

Tlf: 663 97 22 81

A pesar de las recientes restricciones en el **INSTITUTO DE LA SORDERA**, le atendemos exactamente igual que hasta ahora,
CUMPLIENDO CON TODAS LAS MEDIDAS DE SEGURIDAD EXIGIDAS POR LAS AUTORIDADES SANITARIAS.

REVISIÓN GRATIS AUDITIVA

Campaña 2021

Instituto de la Sordera

Audífonos
inteligentes y practicamente
INVISIBLES

La más avanzada tecnología, NUESTRA ALIADA.

Los audífonos actuales se adaptan a las necesidades de cada persona, son cómodos, efectivos y discretos, prácticamente invisibles, solo usted sabrá que los usa.

LE PERMITIRÁN

- Seguir las conversaciones con normalidad, sin necesidad de que le repitan las palabras.
- Podrá volver hablar por teléfono sin dificultad y comunicarse mejor con las personas de su entorno.
- Disfrutar de sus películas y programas favoritos de la televisión.
- Los nuevos audífonos le permiten escuchar sin esfuerzo, se encontrará más animado.
- Aumentarán su seguridad cuando se desplace por la calle, con la familia, los amigos o al conducir.

Pruébalos un mes en casa SIN COMPROMISO.

Tecnología recargable, se cargan rápidamente y ofrecen un día completo de audición



Revisión total!

Tráiganos sus audífonos se los revisamos y limpiamos GRATUITAMENTE y además le regalamos las pilas nuevas!

UN BLISTER DE 6 PILAS GRATIS PARA USTED.

Compromiso de satisfacción total,
si no queda satisfecho le devolvemos su dinero.

Reserve cita
648 75 47 61
981 50 72 87
Ronda da Coruña 34, Bajo. 15800 **MELIDE**

Garantía de Prestación Sanitaria. Establecimiento Sanitario Autorizado por la Xunta de Galicia nº E-15-001359